



O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia alerta sobre o colapso estrutural nos equipos IMELGA coa chegada da Lei 8/2021 de apoios as persoas con discapacidade

- O Director Xeral de Xustiza, José Tronchoni, asegurou na pasada Comisión Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que só hai un “atasco puntual” nos equipos do Instituto de Medina Legal (IMELGA).
- O Colexio de Traballo Social de Galicia quere subliñar que non se trata dun “atasco puntual”, senón que estamos ante un colapso dos equipos dun carácter estrutural, que está saturando non só ao IMELGA, senón aos Servizos Sociais comunitarios.
- A Xunta de Goberno alerta unha vez máis: “Débese apostar sempre en primeira instancia polo reforzo de persoal, e en definitiva, pola procura de formulas que melloren a calidade dos servizos públicos, que ademais aseguren unha boa saúde profesional e unha atención digna para a cidadanía”.

O Director Xeral de Xustiza, José Tronchoni, asegurou na pasada Comisión Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que só hai un “atasco puntual” nos equipos do Instituto de Medina Legal (IMELGA) ante o incremento de petición de informe relacionados cos últimos cambios lexislativos correspondente a entrada en vigor da lei 8/2021 de apoios as persoas con discapacidade.

En primeiro lugar, o Colexio de Traballo Social de Galicia quere subliñar que non se trata dun “atasco puntual”, senón que estamos ante un colapso dos equipos dun carácter estrutural, que está saturando non só ao IMELGA, senón aos Servizos Sociais comunitarios, os cales non se reforzaron no pasado, e de novo volven a sufrir as consecuencias dunha mala planificación e organización por parte da Xunta.

A preocupación deste Colexio profesional e da súa colexiación foi en aumento nos últimos meses ante a nova reforma lexislativa, derivada da aprobación e entrada en vigor da *Lei 8/2021*, xa que a necesidade do coñecemento profesional da disciplina do Traballo Social ante a valoración e o diagnóstico da situación e contorna da persoa usuaria, precisan dunhas medidas acompañadas dos correspondentes medios técnicos, materias e sobre todo, persoais necesarios que eviten colapsar o sistema de Servizos Sociais.

Ante esta situación, ao longo destes últimos meses este colexio profesional estivo negociando coa Dirección Xeral de Xustiza a posibilidade de aumentar o persoal nos equipos dos xulgados así como a creación das Oficinas de Atención Social nas diferentes sedes xudiciais co fin de reducir a sobrecarga coa que xa contan os equipos ordinarios do IMELGA, podendo ser esta

unha solución para canalizar a elaboración de informes periciais en situacións de mediación e tamén os informes requiridos ante esta nova lei de apoio a discapacidade. O obxectivo destes órganos serían os de facilitar a integración de resultados, velar polos obxectivos a acadar e os resultados esperados, así coma a xestión de incidencias e desviacións identificadas.

O COTSG lamenta que esta negociación non resultou positiva. A Dirección Xeral de Xustiza ofreceu un convenio de colaboración para xestionar estes expedientes mediante o exercicio libre. Baixo este contexto, esta Xunta de Goberno alerta unha vez máis: “Débese apostar sempre en primeira instancia polo reforzo de persoal e creación de postos de traballo estables, e en definitiva, pola procura de formulas que melloren a calidade dos servizos públicos, que ademais aseguren unha boa saúde profesional e unha atención digna para a cidadanía”.